

MALI TWIST

Robert Guédiguian, 2021

962

ESTREA EN NUMAX: 08.07.2022 | V.O.S.E. | +12

Mali, 1960. A xuventude de Bamako baila o twist ao ritmo do rock and roll recentemente importado de Occidente e soña co cambio político. Samba, un mozo socialista, namora de Lara, unha rapaza de carácter vivaz, durante unha das súas misións na selva. Para escapar dun casamento forzoso, ela foxe en segredo con el á cidade. Pero o home de Lara non o permitirá e, ademais, a Revolución non tardará en proporcionarlles dolorosas desilusións mentres se empeñan en soñar cun futuro compartido entre os dous.

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero

«Un cálido estoupido de ledicia,
amor e política»

Sandra Onana, LIBÉRATION



Entrevista con Robert Guédiguian: «A historia de mozos idealistas que buscan o socialismo mentres bailan twist parécese á miña»

Como se che ocorreu a idea de facer este filme? Fun ver a exposición de fotografía de Malick Sidibé (*Mali Twist*, na Fundación Cartier, outono de 2017). O marabilloso estoupido de vitalidade que transmitían os corpos destes mozos bailaríns producíume moita curiosidade e quixen saber máis desa época. Unha semanas despois un dos meus socios, Marc Bordure, que tiña falado cos comisarios da exposición, faloume do que aprendera sobre o Mali dos 60 e describíume a exaltación revolucionaria que manifestaba esa xuventude. Uns minutos despois pensei, "e se fago eu un filme sobre todos eses tema?". Esa historia de mozos idealistas que queren crear un estado socialista mentres bailan twist e rock'n'roll parécese á miña propia. Certo é que Bamako e Marsella son distintas, pero o fondo é estritamente idéntico.

Comezamos a documentarnos e coñecemos especialistas da época. Inspirámonos en dous mozos bailando nas fotos máis coñecidas de Sidibé, el con traxe branco e ela descalza dun vestido. Imaxinamos que estaban moi namorados (en realidade eran irmáns) e que o mozo puña o traxe de faena para ir ao máis profundo de Mali convencer o campesiñado que debían implicarse na construción do socialismo. Quixemos contar unha historia trágica e fermosa para encarnar o que eu chamo ese "momento comunista" de construción, de celebración revolucionaria no que as posibilidades chocan non só coa contrarrevolución senón tamén coa tradición e os costumes ancestrais.

Que recordos tes da independencia dos países africanos? Lembro as imaxes da detención de Lumumba, da súa mirada intensa cando subiu ao camiión que o conducía á morte. Foi en 1960 e eu tiña sete anos. Despois no meu traballo e nos meus estudos, non cheguei a coñecer gran cousa desa época. Cando era un mozo militante lin *Os condenados da terra* de Frantz Fanon e *O discurso sobre o colonialismo* de Aimé Césaire. Formaban parte dos meus libros de cabeceira.

Moitos dos teus filmes tratan sobre o final dun soño. Por que vas tan lonxe para falar do comezo? En primeiro lugar porque nunca fixen iso que chaman autoficción. Sempre falei dos meus sentimentos íntimos a través de personaxes moi afastados da miña propia vida. Así que aproveitei a oportunidade para identificarme de inmediato. É o que lle dixen a Stéphane Bak, o actor que interpreta a Samba, o mozo revolucionario. Cheguei a emprestarlle a miña moto ao seu personaxe, a que tiña eu á súa idade. En occidente cando dicimos que somos comunistas axiña nos recordan a historia da URSS e o estalinismo pero eu non me sinto responsable diso.

Sempre tiveches claro que non ías poder rodar en Mali? O meu amigo Cheikh Omar Sissoko, que foi Ministro de Cultura en Mali, díxome que era imposible. Pensamos en Burkina Faso, pero alí comezaba haber tensións. Quedaba Senegal. Alí tiñamos o contacto dunha produtora nova, Angèle Diabang. Pedímoslle a ela e ao seu equipo que lera o guión pero non tanto desde o punto de vista histórico como dos detalles, a roupa, os xestos, a maneira de estar, moverse, falar... Para reproducir a cidade de Bamalo eliximos a segunda cidade de Senegal, Thiès. Alí hai avenidas arboradas que remiten as imaxes de Bamako que puiden ver na época. Por exemplo un filme de Joris Ivens titulado *Mañá en Nanguila* (1969).